



Guía Docente			
Datos Identificativos			2018/19
Asignatura (*)	Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables	Código	652G03022
Titulación			
Descriptores			
Ciclo	Período	Curso	Tipo
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria
Idioma	Galego		
Modalidade docente	Presencial		
Prerrequisitos			
Departamento	Pedagogía e Didáctica		
Coordinación	Cruz Lopez, Laura	Correo electrónico	laura.cruz@udc.es
Profesorado	Cruz Lopez, Laura	Correo electrónico	laura.cruz@udc.es
Web			
Descripción xeral	<p>A pobreza, a marxinación, a vulnerabilidade e a exclusión son aspectos inherentes aos modelos de organización política, económica e social contemporáneos. Estas realidades supoñen formas de vida singularizadas pola precariedade económica, a falta de oportunidades ou desigualdade no acceso a mellores condicións de vida ou ben a privación de dereitos, aspectos que dificultan a realización persoal e social.</p> <p>É unha finalidade da Educación Social visibilizar estas realidades, promover a toma de conciencia sobre o funcionamiento da sociedade actual e actuar en consecuencia desde unha posición crítica, de forma que se desenvolvan procesos encamiñados á emancipación das persoas, ao seu fortalecemento como suxeitos de dereitos, á súa integración e participación social, así como á transformación das sociedades, para que se tornen más xustas.</p> <p>Con esta idea, na materia de Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables, partiremos dun achegamento aos referentes teórico-conceptuais que permitan comprender e explicar as situacions de vulnerabilidade e exclusión social, contextualizadas no marco socioeconómico e político máis amplio, así como discernir os factores e as fases presentes nos procesos e traxectorias vitais que conducen a estas situacions.</p> <p>Así mesmo, é importante coñecer o marco legal e institucional que lexitima e (de)limita a intervención socioeducativa para a prevención, protección e inclusión de minorías e colectivos vulnerables. Achegámonos a diferentes contextos e realidades de exclusión social e ás propostas socioeducativas, que, en forma de programas, proxectos, recursos, redes? tratan de promover a inclusión social. Unha aproximación que nos permita poñer en cuestión e valorar a súa pertinencia en termos pedagógicos e sociais. Finalmente, interésanos coñecer as funcións que ocupan ao/á educador/a social nos diferentes programas, recursos ou institucións.</p>		

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
Coñecer e diferenciar entre conceptos afíns á exclusión social: pobreza, marxinación, desigualdade, vulnerabilidade, desadaptación...	A2 A5 A8 A14
Discernir as fases polas que transcorren os procesos de exclusión social, as causas, as manifestacións e os efectos destas situacions	A2 A5 A8



Identificar e analizar as relacións entre os sistemas político, económico, educativo e social, e os procesos de vulnerabilidade e exclusión social, nun marco de globalización neoliberal e crise do Estado de Benestar	A2 A3 A5 A8 A20		
Deseñar, avaliar e defender programas e proxectos de acción socioeducativa para a prevención, a inclusión social e o exercicio dunha cidadanía global, especificando as bases teórico-metodolóxicas sobre as que se substenta.	A1 A2 A3 A5 A7 A8 A9 A20 A21	B2 B3 B5 B6	C3 C6 C7
Coñecer e promover estratexias e dinámicas de inclusión social, favorecedoras do empoderamento e participación das persoas, que permitan problematizar e transformar a realidade desde a perspectiva das persoas protagonistas (cartografía social, teatro do oprimido, aprendizaxe-servizo...)	A2 A7 A9 A20 A21		C7
Determinar e fundamentar as características, os factores influíntes, as posibilidades e limitacións da acción socioeducativa en contextos específicos de vulnerabilidade e exclusión social	A1 A2 A3 A5 A8 A14 A20		C7
Espertar e desenvolver unha actitude autocrítica, de autorregulación da propia aprendizaxe, de participación activa e responsable no proceso, así como de compromiso coa realidade que nos rodea	A14		C6 C7

Contidos

Temas	Subtemas
Módulo 1: A exclusión social, o novo rostro da pobreza	1. Precisións terminolóxicas: pobreza, marxinación, exclusión, vulnerabilidade, desigualdade, minoría, integración. 2. Os procesos de exclusión e inclusión social: fases, dimensións de análise, ámbitos, factores e eixos da desigualdade.
Módulo 2: Dimensión estrutural da exclusión e inclusión social	3. Globalización neoliberal e exclusión social: cuarto mundo. 4. Dereitos, necesidades e satisfactores.
Módulo 3: Prácticas socioeducativas de prevención e inclusión social: perspectivas e procesos metodológicos	5. Enfoques metodológicos inclusivos e transformadores: principios e directrices da acción socioeducativa. 6. Análise da realidade, deseño, desenvolvemento e avaliação de programas de acción socioeducativa. 7. Técnicas e estratexias de educación para emancipación e o exercicio dunha cidadanía global: cartografía social, Teatro do Oprimido e aprendizaxe-servizo para a inclusión social.
Módulo 4: Das realidades aos programas, proxectos e recursos de acción socioeducativa	8. Poboación reclusa. 9. Prostitución. 10. Senfogarismo.



Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A1 A7	3	0	3
Análise de fontes documentais	A2 A3 A5 A8 C3 C6	0	30	30
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5	10	0	10
Discusión dirixida	A2 A3 A5 A8 A14 B5 B6 C6	2	0	2
Simulación	A2 A3 A5 A7 A8 A9 A20 A21 B2 B3 B5 B6 C3 C6 C7	6	40	46
Presentación oral	A14 B6 C3	4	5	9
Obradoiro	A7 A8 A9 A20 B3 C7	4	0	4
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 B3 C6 C7	4	4	8
Aprendizaxe servizo	A5 A7 A8 A9 A14 A20 A21 B3 B5 B6 C3 C7	9	26	35
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Actividades iniciais	Destinadas a (re)coñecernos como protagonistas dos procesos de ensino e de aprendizaxe que se inician, a presentar e discutir as regras do xogo recollidas na guía docente, a identificar intereses e /ou motivacións do alumnado respecto dos obxectivos que se queren acadar, e a verbalizar preconceptos e saberes previos das alumnas e alumnos relacionados coa materia, dos que partir para favorecer aprendizaxes relevantes.
Análise de fontes documentais	Utilización de documentos relevantes textuais (artigos, libros, novas de prensa, poemas, textos lexislativos...) e audiovisuais (documentais, curtas, filmes , fotografías, viñetas...) que faciliten e amplíen a comprensión dos conceptos básicos da materia, e permitan a elaboración de pensamentos razoados acerca da intervención socioeducativa. Segundo a Finkel (2008), trátase de deixar que falen os documentos, propoñendo actividades que permitan desentrañar o seu significado: mapas conceptuais, estudo de casos, recensións, diálogo reflexivo, seminarios, etc.
Sesión maxistral	Destinada á exposición oral por parte da docente na que achegar o saber científico e disciplinar imprescindible para a deconstrucción e reconstrucción crítica do coñecemento experiencial. Complementarsase co uso de recursos pertinentes (textuais e/ou audiovisuais) e coa introdución de preguntas dirixidas ao alumnado para favorecer o diálogo reflexivo. A finalidade é promover unha aprendizaxe transformadora, potenciando a participación do alumnado na construcción significativa do coñecemento.
Discusión dirixida	Fundaméntase na concepción da aprendizaxe como un proceso reflexo, dialóxico, un acto de (re)creación solidarizando a reflexión e a acción. En base á análise previa de fontes documentais, promoverase o debate e contraste de opinións fundamentadas, a través das que: identificar dificultades na comprensión; promover a dúbida e o conflito, poñendo en tea de xuízo as crenzas e interpretacións iniciais; provocar o pensamento diverxente e recoller diferentes argumentacións; favorecer a conexión con experiencias vitais; etc. Todo coa finalidade de que o alumnado tome conciencia de interpretacións alternativas da realidade socioeducativa, se emancipe dos preconceptos e ideas erróneas, e reconstrúa criticamente novas formas de pensar, sentir e actuar. Destinaranse á discusión dirixida tanto sesións expositivas como interactivas. Estas últimas organizaranse a modo de seminario aberto.



Simulación	<p>Práctica simulada de participación nunha convocatoria pública da Administración autonómica, na que se respectan as características formais e de contido, así como os requisitos habituais neste tipo de concursos. Ten como finalidade a inmersión nas competencias específicas da Educación Social relacionadas co deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de acción socioeducativa, así como co traballo en equipo, partindo dunha situación real o que entendemos supón un desafío motivador.</p> <p>Esta proposta didáctica esixe poñer en relación as bases teóricas e metodolóxicas da materia para resolver un problema práctico (neste caso a elaboración dun programa), permitindo ademais recuperar e actualizar moitos dos saberes e destrezas adquiridos ao longo do Grao.</p> <p>Dado a dimensión da proposta e a necesidade de promover unha aprendizaxe interdisciplinar, trátase dun traballo compartido coa materia Orientación Ocupacional, no que as docentes acompañarán aos grupos durante todo o proceso: asesorándoo tecnicamente, contribuíndo á autoorganización e autonomía, activando procesos reflexivos, problematizando decisións, incentivando argumentacións, reforzando as potencialidades, etc.</p> <p>O proceso está marcado polos seguintes momentos: publicación simulada da convocatoria; inscrición dos equipos no concurso; deseño e presentación en prazo e forma do programa; defensa dos programas; actuación da comisión avaliadora; e resolución motivada do concurso.</p>
Presentación oral	<p>Algunhas das actividades desenvolvidas serán expostas diante do grupo de referencia, procurando chegar a conclusións compartidas sobre o caso investigado, o documento ou experiencia analizada. Entre as actividades, o Programa de Acción Socioeducativa será presentado e defendido no grupo expositivo.</p> <p>Unha das finalidades da presentación oral é favorecer a coavalidación e autoavalidación a través da contrastación de diferentes formas de resolver as mesmas actividades, permitindo identificar dificultades e potencialidades nos propios traballos, así como autorregular a propia aprendizaxe.</p>
Obradoiro	<p>Proposta metodolóxica eminentemente práctica na que o alumnado se achegará ao coñecemento e aplicación de exercicios, xogos, técnicas e estratexias da metodoloxía do Teatro do Oprimido. Ten como finalidade promover a desmecanización física e intelectual, estimulando a discusión e a problematización de situacions da vida cotiá, a reflexión crítica sobre as relacions de poder que caracterizan as interaccións humanas, e a definición conxunta e ?ensaio? de alternativas para a emancipación, sempre dende a perspectiva das propias persoas protagonistas.</p>
Eventos científicos e/ou divulgativos	<p>Implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.), co obxecto de afondar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Estas actividades proporcionan ao alumnado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novedades referentes a un determinado ámbito de estudo.</p> <p>Nas sesións expositivas e a través do Moodle poderase informar, tanto por parte da docente como do alumnado, de eventos de interese.</p>
Aprendizaxe servizo	<p>Proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun só proxecto onde o alumnado aprende ao traballar sobre necesidades reais da contorna co fin de mellorala. Ten unha tripla intencionalidade: pedagóxica, solidaria e reflexiva, integrándose no enfoque da educación para a cidadanía global.</p> <p>Servíndose da cartografía social, a acción de APS diríxese a visibilizar a situación de persoas sen fogar, exreclusas e mulleres en situación de prostitución (realidades traballadas na materia) respecto do dereito ao hábitat na cidade da Coruña, en colaboración coa ONGD Arquitectura sen Fronteiras e o colectivo Galicia Emocional.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Aprendizaxe servizo Presentación oral Simulación	<p>Para o desenvolvemento do Programa de Acción Socioeducativa baseado nunha convocatoria pública simulada, así como para a súa presentación e defensa oral, será preciso acudir, como mínimo, a dúas sesións de titoría, nas que facer o seguimento por parte da docente. Estas sesións serán indicadas na aula.</p> <p>Así mesmo, será obxecto de atención persoalizada o proxecto de aprendizaxe-servizo, tanto durante o desenvolvemento de sesións interactivas como en titorías marcadas de forma específica.</p>

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Aprendizaxe servizo	A5 A7 A8 A9 A14 A20 A21 B3 B5 B6 C3 C7	<p>Avaliarase a calidade do servizo realizado así como as aprendizaxes desenvolvidas durante o proceso.</p> <p>O servizo será avaliado polo profesorado implicado e por parte das entidades colaboradoras (ASF e Solidariedade Internacional de Galicia), no que respecta a:</p> <ul style="list-style-type: none">- Diario de campo da cartografía social (grupal): detalle no rexistro dos encontros e entrevistas realizadas, así como calidade das reflexións extraídas (argumentación, fundamentación, sinerxías...).- Actividade de sensibilización deseñada (incluída no PAS, grupal): calidade técnica e valor inclusivo, ademais do carácter innovador e viabilidade.- Informe de autoavaliación final (individual): calidade e afondamento da reflexión sobre as aprendizaxes desenvolvidas.	50
Presentación oral	A14 B6 C3	<p>A presentación e defensa do Programa de Acción Socioeducativa será avaliado pola docente (heteroavaliación), polo grupo aula (coavalición), e polo propio grupo (autoavaliación), atendendo aos criterios que se establezan conxuntamente. Entre eles: a orde na exposición; a claridade e corrección lingüística; a capacidade de síntese das ideas fundamentais; a coherencia no discurso, a linguaxe non verbal e utilización do espazo; a creatividade (presentación suxestiva, motivadora, dinamizadora da participación das/os compañeiros/as...); e o uso de recursos.</p> <p>A valoración do traballo presentado terá carácter grupal. Será por elo preciso que cada grupo estableza unhas normas de autorregulamento mínimas que faciliten a dinámica de traballo.</p>	10
Simulación	A2 A3 A5 A7 A8 A9 A20 A21 B2 B3 B5 B6 C3 C6 C7	Avaliarase segundo os criterios indicados na convocatoria pública simulada. Ademais, valorarase: o afondamento nos contidos; a capacidade para establecer sinerxías; o tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar; a utilización de fontes documentais complementarias e actuais; aspectos formais relativos á calidade da presentación.	40

Observacións avaliación



1.- A asistencia e participación nas sesións de aula e actividades prácticas sinaladas considéranse obligatorias nunha universidade presencial como é a Universidade da Coruña. Aquelas alumnas e alumnos que, por razóns debidamente acreditadas (de saúde, laborais ou de conciliación), non podan ter unha asistencia sistemática (por encima do 85%), poderán optar a unha modalidade de evaluación específica, sempre que o comuniquen á docente en horario de titorías para a súa oportuna e axeitada consideración. Nestes casos, establecense as seguintes actividades de evaluación: Proba de ensaio (70%) e Ensaio reflexivo (30%). As pautas e criterios de evaluación específicas destas dúas actividades figuran no documento colgado no Moodle. Avaliarase o ensaio reflexivo só no caso de superar a proba de ensaio. En caso de non superala, a nota final corresponderase coa da proba de ensaio valorada sobre 100%.

2.- O cómputo global da nota final require que a aprendizaxe servizo (ou proba de ensaio) e a simulación (ou ensaio reflexivo) obteñan unha cualificación de aprobado (5). As actividades superadas só se gardarán durante a convocatoria anual.

3.- Todos os traballos presentaranse en formato dixital (PDF) a través do Moodle. Non se aceptará ningún traballo do que a docente non teña constancia da súa realización.

4.- O alumnado que, tendo recoñecida a condición de estudiante a tempo

parcial e solicitara no Decanato a dispensa académica -tal como se

establece na "Norma

que regula o réxime de dedicación ao estudio e a permanencia ea

progresión dos estudiantes de grao e mestrado universitario na

Universidade da Coruña" (aprobada en Consello de Goberno de 28 de xuño de 2016)-, terá que asistir a unha titoría na que concretar a porcentaxe de asistencia mínima e as metodoloxías de evaluación.

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>Asamblea General de las Naciones Unidas. Declaración Universal de los Derechos Humanos. Resolución 217 A (III), de 10 decembro de 1948.Arriba, Ana (coord.) (2008). Políticas y bienes sociales: procesos de vulnerabilidad y exclusión social. Madrid: Fundación FOESSA.Barba, María e Morán, M.Carmen (2013). Prisión e derecho á educación. Atas do XII Congreso Internacional Galego-Português de Psicopedagoxía (pp.776-788).Barba, María, Morán, M. Carmen e Cruz, Laura (2017). Animación sociocultural en prisión. Experiencia en el centro penitenciario de Monterroso. Madrid: Popular.Belzunegui, Ángel e Brunet, Ignasi (2012). Los lugares sociales de la pobreza. En Belzunegui, A. (Coord.), Socialización de la pobreza en España (pp.11-34). Barcelona: Icaria.Bergalli, Roberto (2009). La humillación: técnicas y discursos para la exclusión social. Barcelona: Bellaterra.Bonet, Jordi (2006). La vulnerabilidad relacional: análisis del fenómeno y pautas de intervención. REDES. Revista hispana para el análisis de redes sociales, 11.Cabrera, Pedro (2003). Cárcel y Exclusión. Revistadel Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales , 35, 83-120. Castel, Robert (1995). De la exclusión como estado a la vulnerabilidad como proceso. Archipiélago. Cuadernos de crítica de la cultura, 21.Castel, Robert (1997). La metamorfosis de la cuestión social, una crónica del salarido. Buenos Aires: PaidósCastel, Robert (2010). El ascenso de las incertidumbres. Buenos Aires: FCE.Cobo, Rosa (2011). Hacia una nueva política sexual. Madrid: Catarata.Cobo, Rosa (2017). La prostitución en el corazón del neoliberalismo. Madrid: Catarata.Cortes Generales (2007). Informe de la ponencia sobre la prostitución en nuestro país (154/9) aprobada en sesión de la ponencia de 13 de marzo de 2007. De Miguel, Ana (2015). Neoliberalismo sexual: el mito de la libre elección. Madrid: Cátedra.Escudero, José Manuel e Sáez, José (coords.) (2006). Exclusión social, exclusión educativa. Murcia: Diego Martín.García Roca, Joaquín (2006). Relatos, metáforas y dilemas. Para transformar las exclusiones. En Vidal, F. (dir), La exclusión social y el Estado de Bienestar en España. V García Roca, Joaquín et al. (1991). Pedagogía de la marginación. Madrid, Editorial Popular.García Roca, Joaquín (2007). La revancha del sujeto. Documentación Social, 145, 37-52. Garrido, Vicente e Gómez, Ana Mª (1995). Educación Social en el ámbito penitenciario. Comunicación, Lenguaje y Educación , 27, 53-60.Garrido, Vicente e Martínez, Mª Dolores (eds.) (1998). Educación Social para delincuentes. Valencia: Tirant lo Blanch.Gil, Fernando (2002). La exclusión social. Barcelona: Ariel.Gimeno, Beatriz (2011). La prostitución. Barcelona: Bellaterra.Goffman, Erving (2008). Estigma. La identidad deteriorada. Buenos Aires: Amorrortu.Gómez, Águeda e Pérez, Silvia (2009). Prostitución: clientes e otros homes. Vigo: Xerais.Gómez, Águeda, Pérez, Silvia e Verdugo, Rosa M. (2015). El putero español. Madrid: Catarata.Hernández, Blanca (2007). La prostitución, a debate en España. Documentación Social, 144, 75-89. Informe FUHEM de Políticas sociales (pp. 9-27). Madrid: FUHEM.Jiménez, Magdalena (2008). Aproximación teórica de la exclusión social: complejidad e imprecisión del término. Consecuencias para el ámbito educativo. Edudios Pedagógicos , 1, 173-186.Karsz, Saül (comp.) (2004). La exclusión bordeando sus fronteras: definiciones y matices. Barcelona: Gedis.Laespada, Mª Teresa (ed.) (2008). Intervención en exclusión social y drogodependencias: la confluencia entre políticas sociales y sanitarias . Bilbao: Universidad de Deusto.López-Aranguren, Eduardo (2005). Problemas sociales: desigualdad, pobreza, exclusión social. Madrid: Biblioteca Nueva.Manzanos, César (dir.) (2005). Servicios sociales y cárcel: alternativas a la actual cultura punitiva . Victoria-Gastéiz: Salhaketa.Max-Neef, Manfred; Elizalde, Antonio e Hopenhayn, Martín (1998). Desarrollo y necesidades humanas. En Desarrollo a escala humana (pp.37-82). Barcelona: Icaria.Rubio, Mª José e Montero, Silvia (coords.) (2002). La exclusión social: teoría y práctica de la intervención. Madrid, CCS.Sanz, Susana (2010). Colectivos vulnerables y derechos humanos: perspectiva internacional. Valencia: Tirant lo Blanch.Solana, José L. et al. (2008). Los retos de la prostitución: estigmatización, derechos y respeto. Granada: Comares.Subirats, Joan (dir.) (2004). Pobreza y exclusión social un análisis de la realidad española y europea. Barcelona Fundación "La Caixa". Consultado en http://obrasocial.lacaixa.es/StaticFiles/StaticFiles/f28d31d9615d5210VgnVCM1000000e8cf10aRCRD/es/vol16_es.pdf Valverde, Jesús (1997). La cárcel y susconsecuencias. La intervención sobre la conducta desadaptada. Madrid: Popular. Vidal, Fernando (2006) (ed.). La exclusión social y el estado de bienestar en España. V Informe FUHEM de políticas sociales. Barcelona: Icaria.Xunta de Galicia (2004). A prostitución feminina na Comunidade Autónoma de Galicia. Santiago de Compostela: Servizo Galego de Igualdade, Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.Xunta de Galicia (2006). II Plan Galego deInclusión Social 2007-2013. Santiago de Compostela: Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar. Consultado en http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Vicepresidencia/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/II_Plan_Galego_Inclusion_Social.pdf Vacquant, Lloïc (2012). El matrimonio entre el workfare y el prisionfare en el siglo XXI. Astrolabio, 9 , 184-205.Revistas: @font-face { font-family: "Arial";}@font-face { font-family: "Cambria";}@font-face {</p>
---------------------	---

font-family: "ArialMT";}@font-face { font-family: "Verdana-Bold"; }p.MsoNormal, li.MsoNormal, div.MsoNormal { margin: 0cm 0cm 0.0001pt; font-size: 12pt; font-family: "Times New Roman"; }em { }div.Section1 { page: Section1; } Pedagogía Social. Revista interuniversitaria (2000-2001). Monográfico Exclusión social, 6-7.(2010). Infancia y adolescencia en dificultad social, 17.(2012). Educación social yética profesional, 19.(2013). Educación social en prisiones, 22. Educación Social. Revista de intervención socioeducativa (2000). Drogadicciones:experiencias en clave de futuro, 14.(2001). Deontología y práctica profesional, 17.(2003). Intervención socioeducativa y pueblo gitano, 24.(2004). Intervención educativa con personas sin hogar, 27.(2007). El trabajo en red en la educación social, 36.(2009). La Inserción Laboral como proceso de intervención educativa, 41.(2009). La atención socioeducativa en las transiciones vitales, 42.(2009). Globalización, diversidad cultural y acción socioeducativa, 43. Revista de Educación Social (RES)(2016). Educación Social en centros penitenciarios, 22. Revista de Educación(2012). La educación en instituciones penitenciarias. Historia, políticas públicas y buenas prácticas, 360. Documentación social(1997): Políticas contra la exclusión social, 106.(2001). Las otras caras de la globalización, 125.(2003). Los procesos de inclusión y exclusión social de las personas con discapacidad, 130.(2004). Migración, hacia un modelo de integración social, 132.(2004). Intervención ante la exclusión social, 135.(2005). Los objetivos de desarrollo del milenio, 136.(2005). Vivienda y alojamiento, 138.(2007). Empleo e inclusión social, 143.(2007). La prostitución, una realidad compleja, 144.(2007). Repensar la intervención social, 145.(2007). Migraciones y desarrollo, 147.(2009). Dilemas de la Política Social, 154.(2010). Consecuencias económicas y sociales de la crisis mundial, 158.(2011). Ciudadanía universal y democracia a escala humana, 159.(2011). Miedo, inseguridad y control social, 161.(2012). La discriminación ética hacia la población inmigrante: un reto para la cohesión social, 162. Barbecho. Revista de reflexión socioeducativa (2002-2003). Opresión, resistencia y acción educativa, 2.



Bibliografía complementaria	<p>AA.VV. (2003). Patrones de exclusión social en el Marco Europeo. Consultadoen http://www.cruzroja.es/pls/portal30/docs/PAGE/SITE_CRE/ARBOL_CARPETAS/BB_QUE_HACEMOS/B10_INTERVENCIÓN_SOCIAL/POBREZA/MAQUETAPATRONES.PDF</p> <p>Antón, Antonio (coord.) (2000). Trabajo, derechos sociales y globalización. Algunos retos para el siglo XXI. Madrid: Talasa.</p> <p>Aliena, Rafael. (2005). Descenso a la Periferia: asistencia y condición humana en el territorio de lo social. Valencia: NauLlibres.</p> <p>Álvarez-Uría, Fernando (ed.) (1992). Marginación e inserción. Los nuevos retos de las políticas sociales. Madrid: Endymion.</p> <p>Álvarez-Uría, Fernando et al. (1995). Desigualdad y pobreza hoy. Madrid: Talasa Arriba, Ana (2002). El concepto de exclusión en política social. Unidad de Políticas comparadas. CSIC. Consultado en</p> <p>http://digital.csic.es/bitstream/10261/1495/1/dt-0201.pdf</p> <p>Bauman, Zygmunt (1999). La globalización, consecuencias humanas. México: Fondo de Cultura Económica.</p> <p>Bauman, Zygmunt (1999). Trabajo, consumismo y nuevos pobres. Barcelona: Gedisa.</p> <p>Bauman, Zygmunt (2001). La posmodernidad y sus descontentos. Madrid: Akal.</p> <p>Bauman, Zygmunt (2005). Vidas desperdiciadas. La modernidad y sus parias. Barcelona: Paidós.</p> <p>Bergalli, Roberto (Coord.) (2003). Sistema penal y problemas sociales. Barcelona: Bellaterra.</p> <p>Bourdieu, Pierre (dir.) (1999). La miseria del mundo. Madrid, Akal.</p> <p>Castel, Robert, et al (2001). Desigualdad y globalización. Cinco conferencias. Buenos Aires: FCE.</p> <p>Cortina, Adela (2001). Ciudadanos del mundo. Hacia una teoría de la ciudadanía. Madrid, Alianza Editorial.</p> <p>Delgado, Manuel et al. (2003). Exclusión social y diversidad cultural. Donostia: Tercera Prensa.</p> <p>Freire, Paulo (1992). Pedagogía del oprimido. Madrid: Siglo XXI.</p> <p>Freire, Paulo (2001). Pedagogía de la indignación. Madrid: Morata.</p> <p>Freire, Paulo (2002). Pedagogía de la esperanza. Mexico: Siglo XXI.</p> <p>García, A. e Sáez, J. (1998). Del racismo a la interculturalidad. Competencia de la educación. Madrid: Narcea.</p> <p>Gil, Fernando; Jover, Gonzalo e Reyero, David (2001). La enseñanza de los Derechos Humanos. Barcelona: PaidósGiménez, María et al. (2003). Nuevas políticas para la inclusión social: agenda pública y prácticas significativas. VIII Congreso Internacional del CLAD sobre la Reforma del Estado y de la Administración Pública, Panamá, 28-31 Oct. 2003.</p> <p>Gimeno, Juan A. (2004). Exclusión social y Estado de Bienestar. Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces.</p> <p>Goffman, Erving (1982). Estigma. La identidad deteriorada. Buenos Aires: Amorrortu.</p> <p>Hernández, Enrique; Quintana, Pedro e Rodríguez, Fco. Javier (coords.) (2000). Marginación e intervención social. Actuaciones y necesidades del colectivo gitano en riesgo de exclusión social. Oviedo: Universidad de Oviedo, Servicio de Publicaciones.</p> <p>Hessel, Stéphane (2010). Indignádevos. Faktoria de libros.</p> <p>Jelinek, Elfriede (2005). Los excluidos. Barcelona: Mondadori.</p> <p>Juliano, Dolores (2004). Excluidas y marginales. Una aproximación antropológica. Valencia: Cátedra.</p> <p>Mas, Francesc (2001). Rompiendo fronteras. Una visión positiva de la inmigración. Barcelona: Intermón.</p> <p>Millán, José Carlos (comp.) (2004). Colectivos en riesgo de exclusión. Inmigrantes, minorías étnicas y perspectiva de género. A Coruña: Instituto Gallego de Iniciativas Sociales y Sanitarias.</p> <p>Millán, José Carlos (2005). Políticas sociales, modelos de intervención y estado de bienestar. A Coruña: Instituto Gallego de Iniciativas Sociales y Sanitarias.</p> <p>Muleiro, Hugo (2006). Al margen de la agenda: noticias, discriminación y exclusión. México: Fondo de Cultura Económica.</p> <p>Nun, José. (2001). Marginalidad y exclusión social. Buenos Aires, Fondo de Cultura Económica.</p> <p>Oña, José Manuel (2010). Educación de calle y desarrollo comunitario: una experiencia educativa en contextos de exclusión. Madrid: Cáritas, Fundación Foessa.</p> <p>Renes, Victor (dir.) (2008). VI informe sobre exclusión y desarrollo social en España 2008. Madrid: Fundación FOESSA, Cáritas Española.</p> <p>Riera, Ignasi (2002). Emigrantes y refugiados. Barcelona: Debolsillo.</p> <p>Ruiz, Blanca e Ruiz, Eduardo (2001). Las Políticas de inmigración: la legitimación de la exclusión. Bilbao: Universidad de Deusto.</p> <p>Santolaria, Félix (1997). Marginación y educación: historia de la educación social en la España moderna y contemporánea. Barcelona, Ariel.</p> <p>Soriano, Andrés (2001). Políticas y economía en la exclusión social. Pedagogía Social Revista Interuniversitaria, 6-7, 21-32.</p> <p>Subirats, Joan (dir.) (2005). Análisis de los factores de exclusión social. Fundación BBVA. Consultado en</p> <p>http://www.fbbva.es/TLFU/dat/DT_2005_04.pdf</p> <p>Subirats, Joan (dir.) (2006). Fragilidades vecinas:narraciones biográficas de exclusión social urbana. Barcelona: Icaria.</p> <p>Subirats, Joan & Gomà, Ricard (dirs.) (2003). Un paso más hacia la inclusión social. Generación de conocimiento, políticas y prácticas para la inclusión social. Madrid: Plataforma de ONGs ? IGOP. Consultado en</p> <p>http://www.plataformaongs.org/upload/88/94/un_paso_mas_hacia_la_inclusion_social.pdf</p> <p>Valedor do Pobo (2005). Informe extraordinario sobre a situación da poboación xitana en Galicia. Santiago de Compostela. Consultado en</p> <p>http://www.valedordopobo.com/index.php?s=115&i=22</p> <p>Vallés, Josep (2009). Manual del educador social:intervención en servicios sociales. Pirámide.</p> <p>Varela, Julia e Álvarez-Uría, Fernando (1989). Sujetos frágiles. Ensayos de sociología de la desviación. Madrid: Fondo de Cultura Económica.</p> <p>Vélaz de Medrano, Mari Carmen</p>
-----------------------------	---



(2002). Intervención educativa y orientación en problemas de inadaptación y exclusión por factores socioeducativos y socioculturales. Madrid: UNED.Vidal, Fernando (2009). Pan y rosas: fundamentos de exclusión social y empoderamiento. Madrid: Fundación FOESSA.Wacquant, Loïc (2000). Las cárceles de la miseria.Madrid: Alianza Editorial.Wacquant, Loïc (2001). Parias urbanos. Marginalidad en la ciudad a comienzos del milenio. Buenos Aires: Manantial.Wacquant, Loïc (2007). Los condenados de la ciudad:guetos, periferias y estado. Buenos Aires: Siglo XXI.Wacquant, Loïc (2009). Castigar a los pobres. El gobierno neoliberal de la inseguridad social. Barcelona: Gedisa. Xunta de Galicia (2009). Plan Integral para a convivencia e o desenvolvemento social do Pobo Xitano de Galicia. Documento base. Santiago de Compostela: Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar. Consultado en http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Vicepresidencia/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/planxitano.pdf



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Deseño e desenvolvemento da acción socioeducativa/652G03002

Socioloxía/652G03005

Pedagoxía social/652G03006

Xénero, igualdade e educación/652G03007

Educación multicultural/652G03013

Intervención en contextos familiares de risco/652G03015

Servizos sociais e benestar social/652G03014

Educación de menores en desprotección e conflito social/652G03016

Educación de persoas adultas e maiores/652G03018

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Orientación ocupacional/652G03021

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías